

Para coñecemento de todas as persoas interesadas publícase o programa da vindeira convocatoria de

Categoría	TÉCNICO ESPECIALISTA DE SERVICIOS XERAIS
Nº de prazas	4
Sistema de provisión	PROMOCIÓN INTERNA

PROGRAMA

1. Funcións dos Técnicos Especialistas en Servizos Xerais e dos Auxiliares Técnicos en Servizos Xerais.
2. Instalacións básicas. Accións básicas sobre instalacións especiais: instalación de iluminación, carpintaría, fontanaría, calefacción e albanelería. Ferramentas manuais: aparellos de medición, unidades de medida, terminoloxía e simboloxía usadas nas instalacións de: electricidade, fontanaría, iluminación, albanelería e carpintaría. Manexo e conservación das ferramentas.
3. Mantemento de edificios I. Instalacións eléctricas. Elementos. Guía técnica de aplicación do Regulamento electrotécnico para baixa tensión (RD 842/2002, do 2 de agosto). Instalacións de enlace, aspectos xerais: caixa xeral de protección: emprazamento e instalación, tipos e características; liña xeral de alimentación: definición e instalación; derivacións individuais: definición e instalación; dispositivos xerais e individuais de mando e protección, interruptor de control e potencia: situación, composición e características dos cadros, características principais dos dispositivos de protección. Instalacións interiores ou receptoras: campo de aplicación; prescricións de carácter xeral; instalacións interiores en locais que conteñen bañeira ou ducha; instalacións en locais de pública concorrencia.
4. Mantemento de edificios II.
 - Instalacións de fontanaría e saneamento: elementos; código técnico de edificación (R.D. 314/2006, do 17 de marzo); documento básico de salubridade: HS 4-subministración de auga (agás apartado 5 referido a construción e execución de obra) e HS5- evacuación de auga (agás apartado 5 relativo a construción).
 - Calefacción: salas de caldeiras compoñentes e a súa función; a presión manométrica da instalación; comprobación de valores adecuados e de niveis de combustible; purgadores automáticos; comprobación dos termóstatos das caldeiras; identificación dos bloqueos dos queimadores e procedemento para desbloquealos; control de funcionamento de bombas; radiadores: funcionamento segundo a posición de entrada e saída da auga e formas de

purga.

- Mantemento de edificios: pavimentos e pisos, paramentos (paredes e teitos), cubertas e terrazas e pintura.
5. Control e seguridade de edificios. Control de edificios públicos: protección e control contra intrusos; sistemas de alarma; recepción e saída de paquetes e correspondencia, servizos de correo interno e externo. Evacuación de edificios de acceso público: medidas de protección contra incendios e de evacuación; regulamento das instalacións de protección contra incendios (R.D. 513/2017, do 22 maio). Conceptos básicos de socorrismo e primeiros auxilios. Mantemento de caixas de primeiros auxilios.
 6. Seguridade e saúde laboral. Disposicións mínimas en materia de sinalización de seguranza e saúde no traballo (R.D. 485/1997, do 14 de abril). Disposicións de seguridade e saúde nos lugares de traballo (R.D. 486/1997, do 14 de abril). Disposicións mínimas de seguridade e saúde no traballo relativas á utilización polos traballadores de equipamentos de protección individual (R.D. 773/1997, do 30 de maio). Normativa propia da Universidade de Vigo en materia de manexo manual de cargas, de actuación en caso de accidente e de xestión de caixas de urxencias.
 7. Atención e información ao público. Información oral, presencial e escrita. Os dereitos dos cidadáns á información. Información da Universidade de Vigo na súa web. A comunicación: elementos; comunicación eficaz e obstáculos; obxectivos da comunicación.
 8. Organización do traballo. Traballo en equipo. Planificación e organización do traballo. A xestión do tempo. Comunicación no equipo. Conflitos e resolución. Organización de reunións. Regulación e xestión na Universidade de Vigo de xornada, control de asistencia, vacacións e permisos por asuntos particulares.
 9. Operacións básicas co procesador de textos Word: crear, abrir, imprimir, gardar datos, escribir e desprazarse polo documento, seleccionar texto, formatos de texto, modificar e ordenar texto, revisar ortografía, aspecto da páxina, táboas. Coñecementos básicos sobre uso e mantemento de medios audiovisuais e tipos de novas tecnoloxías nos centros e servizos. Tipos de cables y conexións.
 10. A igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na Universidade de Vigo: o segundo plan de igualdade e o Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.
 11. A Lei de protección de datos de carácter persoal: obxecto e ámbito. Principios e dereitos de acceso.